

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 16 DE FEBREIRO DE 2015

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:35 horas do día 16 de febreiro de 2015, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asisten: don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera e don Manuel Polo Gundín

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

O alcalde expón que a urxencia da sesión provén da necesidade de aprobar este préstamo da Deputación como data límite o 18 de febreiro, día que coincide en festivo local. Ademais o expediente retrasouse por mor de que, unha vez elixidas as obras, coñeceuse que non podían vir necesitadas de autorización.

Sometida a urxencia da sesión a votación, foi aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

2. Aprobación, se procede, do expediente do "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015" da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativa ao "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015" da Deputación Provincial da Coruña, no que consta entre outra documentación:

1. Proxecto de obra "Reparación rúas Canabal e Maroño" asinado polo enxeñeiro de camiños, Julio C. Rojo Martínez de xaneiro de 2015 (RXE nº 1528 de 11.02.2015). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 12 de febreiro do 2015.

2. Proxecto de obra "Reparación pavimento en San Valentín entre Bloque I e II (Perlío) e outro" asinado polo enxeñeiro de camiños, Julio C. Rojo Martínez de xaneiro de 2015 (RXE nº 1527 de

11.02.2015). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 12 de febreiro do 2015.

3. Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os proxectos meritados.

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 remata o 18 de febreiro do 2015, **proponse que o Pleno do Concello ACORDE:**

1º) Participar no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA Instituciones	0182-6244-895-46466969	49.642,29 €
TOTAL		49.642,29 €

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Reparación rúas Canabal e Maroño (Fene)	84.121,69 €	0 €	84.121,69 €
Reparación pavimento en San Valentín entre Bloque I e II (Perlío) e outro	95.854,51 €	0 €	95.854,51 €
TOTAL	179.976,20 €	0 €	179.976,20 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Redución de endebedamento	49.642,29 €
2. Investimentos financeiramente sostibles	179.976,20 €
TOTAL	229.618,49 €

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obras.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Fene, 12 de febreiro do 2015
O alcalde-presidente

Gumersindo Pedro Galego Feal"

Inicia o turno de debate o concelleiro de obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que se inclúen neste plan reparacións en S. Valentín, no bloque I e aparcamento ao carón do economato, así como obras en Canabal e Maroño, que inclúen aglomerado e a recollida de pluviais reclamada polo BNG, unha vez que se constatou que era viable tecnicamente.

Por parte do grupo socialista, o seu voceiro, Antón Lois Noceda Carballo, di que as obras son necesarias, algunha demandada pola veciñanza dende hai tempo, inda que lamenta que algunha non poida ser máis ampla, recollendo, por exemplo, o ancho do plan e beirarrúas. Nembargantes, considera que as obras mellorarán a situación actual, polo que, véndoo positivo, anuncia o voto a favor.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que este plan provincial foi feito a finais de novembro e coñecido a primeiros de decembro, considerando que unha obra que eles consideran prioritaria, como a renovación de servizos na Avda. das Pías, podería terse aprobado de ter xestionado o equipo de goberno os permisos que precisaba con tempo. Nembargantes, anuncia o voto a favor do seu grupo porque as obras foron consensuadas e teñen informes favorables.

Por parte do grupo mixto, a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, anuncia o voto a favor porque as obras foron consensuadas.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º) Participar no "Plan de aforro e investimento (PAI) 2015" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación do préstamo provincial asignado á seguinte finalidade:

A) Redución de endebedamento

ENTIDADE FINANCEIRA	Nº PRESTAMO	PRÉSTAMO PROVINCIAL APLICADO A MINORACIÓN DA DÉBEDA
BBVA Instituciones	0182-6244-895-46466969	49.642,29 €
T O T A L		49.642,29 €

B) Investimentos financeiramente sostibles

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Reparación rúas Canabal e Maroño (Fene)	84.121,69 €	0 €	84.121,69 €
Reparación pavimento en San Valentín entre Bloque I e II (Perlío) e outro	95.854,51 €	0 €	95.854,51 €
T O T A L	179.976,20 €	0 €	179.976,20 €

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos

C) Resumo da aplicación do préstamo provincial

	PRÉSTAMO PROVINCIAL
Redución de endebedamento	49.642,29 €
3. Investimentos financeiramente sostibles	179.976,20 €
TOTAL	229.618,49 €

2º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución das obras.

3º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para a minoración da débeda ou para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles para os que se vai aplicar o préstamo provincial asignado e, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, achegarse o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

4º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 8:40 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas